



# CAMPIONATO GALEGO DE ORIENTACIÓN A PÉ

## "PONTEaORIENTAR 2012"

Os vindeiros días 16 y 17 de xuño celebraráse en Pontevedra o Campionato Galego de Orientación a Pé 2012.

### ORGANIZA:

[Club MONTAÑEIROS DE PONTEVEDRA-A ROELO](#)

O **Campionato Galego de Orientación** constará de 2 probas coa seguinte estrutura:

**1ª carreira (Distancia Media)**- 5ª proba da XXI Liga Galega de Orientación a pé a celebrarse o sábado día 16 de xuño ás 10:30h en Ermelo.

**2ª carreira (Distancia Longa)**- 6ª proba da XXI Liga Galega de Orientación a pé a celebrarse o domingo día 17 de xuño ás 10:00h na Lagoa de Castiñeiras.

Cada unha destas carreiras puntuará para o Ranking da Liga Galega, e o cómputo das dúas daranos o resultado do Campionato Galego de Orientación 2012. Os campións galegos haberán de ser federados FEDO e pertencer a un club galego.

Como complemento ao Campionato teremos, na tarde do sábado, ás 18:00h, dous **eventos lúdicos de orientación** que se desenvolverán na alameda de Pontevedra:

**-PonteTrail 2012:** Unha proba de orientación na modalidade de O-Trail especialmente deseñada para discapacitados, na que as persoas con mobilidade reducida poden desprazarse por un itinerario sin barreiras e na que a técnica de orientación se impón sobre a velocidade.

**-PonteSprint 2012:** Unha proba de orientación na modalidade de Sprint, que se desenvolverá nun espazo moi reducido e na que a precisión xogará un papel fundamental dada a cantidade de balizas que se atoparán no terreo.

**INSCRICIÓN:** Ata as 22,00h. do martes 12 de xuño.

**¡ATENCIÓN!** Obrigatoria **tarxeta SportIdent** para tódalas categorías e tódalas carreiras, agás O-Trail. Alugarase automaticamente unha tarxeta SportIdent a quen non indique o nº de tarxeta nos datos da inscrición. Precio aluguer: 3€ por proba (a pagar xunto coa inscrición). A perda da tarxeta conleva o pago do seu prezo: 30€

#### **CLUBS:**

A través de <http://agaco.es/intranet>

Crearonse **tres eventos**: un para cada unha das dúas carreiras que compoñen o Campionato Galego de Orientación, outro para o PonteSprint. A inscrición é independente para cada unha das carreiras, así para participar nas tres carreiras haberá que inscribirse en cada un dos tres eventos.

Para participar no Sprint é imprescindible estar inscrito nalgunha das outras dúas carreiras.

Para participar no O-Trail non se precisa inscrición nin tarxeta SportIdent. En principio a proba estará aberta unicamente a persoas con discapacidade as cales terán prioridade. En función da disponibilidad de tempo e mapas poderá participar calquera corredor inscrito no PONTEaORIENTAR.

Enviar o xustificante de ingreso na conta nº 2080 5403 40 3040118709 de NCG Banco (Código IBAN ES0820805403403040118709) a: [aroelo@hotmail.com](mailto:aroelo@hotmail.com)

A cantidade a ingresar será a suma do resumo das inscricións do club na carreira de distancia longa e na carreira de distancia media, máis 1€ por cada corredor inscrito na carreira de Sprint, máis 3€ por cada corredor que alugue tarxeta SI na carreira de Sprint.

No concepto do ingreso poñer: PonteOri (máis o nome do club)

Aqueles clubs que precisen factura, non esquezan enviar os seus datos fiscais.

#### **INDEPENDENTES:**

**Opción 1**-A través da intranet de AGaCO

Rexistrarse como usuario en <http://agaco.es/intranet> e inscribirse na sección EVENTOS

Crearónse **tres eventos**: un para cada unha das dúas carreiras que compoñen o Campionato Galego de Orientación, outro para o PonteSprint . A inscrición é independente para cada unha das carreiras, así para participar nas tres carreiras haberá que inscribirse en cada un dos tres eventos.

Para participar no Sprint é imprescindible estar inscrito en algunha das outras dúas carreiras.

Para participar no O-Trail non se precisa inscrición nin tarxeta SportIdent. En principio a proba estará aberta unicamente a persoas con discapacidade as cales terán prioridade. En función da dispoñibilidade de tempo e mapas poderá participar calquera corredor inscrito no PONTEaORIENTAR.

Enviar o xustificante de ingreso na conta nº 2080 5403 40 3040118709 de NCG Banco (Código IBAN ES0820805403403040118709) a: [aroelo@hotmail.com](mailto:aroelo@hotmail.com)

A cantidade a ingresar será a suma do prezo das inscricións na carreira de distancia longa e na carreira de distancia media, máis 1€ pola inscrición na carreira de Sprint, máis 3€ si precisa alugar tarxeta SI na carreira de Sprint.

No concepto do ingreso poñer: PonteOri (máis o nome)

### **INDEPENDENTES:**

**Opción 2**-Por correo electrónico

Enviar a [aroelo@hotmail.com](mailto:aroelo@hotmail.com):

Nome e apelidos

DNI

Percorrido (Iniciación ou Oficial[2,4,5,6 ou 7])

Data de nacemento

Nº tarxeta SportIdent

Teléfono de contacto

Xustificante do ingreso da cantidade correspondente na conta nº  
2080 5403 40 3040118709 de NCG Banco indicando no concepto:  
Ori Pontevedra (máis o nome).

A cantidade a ingresar será a suma do custo das carreiras nas que se inscriba máis, no seu caso, o aluguer da tarxeta SportIdent (3€ por cada carreira). Tendo en conta que para participar no Sprint, é preciso estar inscrito nalgunha das outras carreiras.

### **PREZOS DAS INSCRICIÓNS:**

**Carreira distancia media:**

Federados : 3 €

Iniciación Nenos, sen licenza federativa : 5 €

Iniciación Maiores, sen licenza federativa : 6 €

Percorrido Oficial (2,4,5,6 ou 7) F.C., sen licenza federativa : 8 €

**Carreira distancia longa:**

Federados : 3 €

Iniciación Nenos, sen licenza federativa : 5 €

Iniciación Maiores, sen licenza federativa : 6 €

Percorrido Oficial (2,4,5,6 ou 7) F.C., sen licenza federativa : 8 €

**Carreira Sprint:** 1 € para tódolos percorridos e categorías.

## LISTADOS COS HORARIOS DE SAÍDA:

En <http://agaco.es> a partir do xoves 14

## CERIMONIA DE PREMIACIÓN:

-**Sábado 16 ás 20:30h** na alameda de Pontevedra entrega de premios do PonteSprint e PonteTrail.

-**Domingo 17 ás 14:00h** na Lagoa de Castiñeiras entrega de premios do Campionato Galego de Orientación a Pé 2012

## CHAN DURO E DUCHAS:

No pavillón polideportivo do IES A XUNQUEIRA (ver croquis). Estará aberto a partir das 20:00h. do sábado ata as 15:00h do domingo. Permanecerá pechado nas horas de carreira.

## OBSERVACIÓNS, NORMAS E RECOMENDACIÓNS:

-Non se permitirá a saída de corredores federados sen **dorsal**.  
-É obrigatorio realiza-lo percorrido na orde indicada no mapa  
-É **obligatorio pasar por meta e efectua-la descarga da tarxeta sportident**, aínda que se produza o abandono, para que éste feito lle conste á Organización

-Para a realización do percorrido, o competidor só pode contar coa axuda dunha brúxula, ademáis do mapa aportado pola Organización

-É recomendable levar roupa cómoda que cubra todo o corpo. Non hai que esquecer levar outra muda.

-É recomendable o uso de polainas

-Advirtese ós participantes que debido á época do ano en que nos atopamos a **vexetación** nas zonas de carreira de distancia longa e media é moi abundante e inclusive as partes que no mapa se sinalan como "limpas" poden presentar certa dificultade para a progresión rápida fundamentalmente pola presenza de fieitos.

-A competición basease no respecto:

- + Á natureza
- + Aos cultivos e propiedades privadas
- + Ós outros competidores
- + Ás indicacións do persoal da organización

+ É moi importante ofrecer axuda a calquera participante que se atope en problemas ou mancado.

**ENTIDADES COLABORADORAS:**



BUEU



MARÍN



VILABOA



CONCELLO DE  
PONTEVEDRA



BRILAT



O NOSO ESPECIAL AGRADECIMENTO ÓS CONCELLOS DE BUEU, MARÍN, VILABOA E PONTEVEDRA, QUE CO SEU APOIO FAN POSIBLE QUE TODO-LOS AFICIONADOS Á ORIENTACIÓN PODAMOS DISFRUTAR DESTE EVENTO.

[www.concellodebueu.org](http://www.concellodebueu.org)

[www.vilaboa.org](http://www.vilaboa.org)

[www.concellodemarin.es](http://www.concellodemarin.es)

[www.concellopontevedra.es](http://www.concellopontevedra.es)